



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL URXENTE DO 17 DE SETEMBRO DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00041547K

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2. Referencia. 2021/00022757E

Licenza de obra maior e demolición

Acórdase:

Conceder a Xunta de Galicia, licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto presentado o 25/05/2021 e a documentación do 02/07/2021, a demolición da estación de autobuses situada na Praza Díaz Baliño 2 Santiago de Compostela (A Coruña), cun orzamento de execución material de 1.015.036,53 € coas seguintes condicións:

☐ *O promotor non ten en conta a presenza do túnel de lavado e estación e servizo para os autobuses; nin o tráfico e acumulación de autobuses na zona dos que se atopan en espera. Debe solucionarse a presenza de autobuses nesta zona antes de dar comezo aos traballos, eliminando a súa instalación ao restrinxindo á mínima expresión a súa presenza.*

☐ *Debe valorar a compatibilidade dos traballos a realizar coa presenza dunha estación de servizo (carga e descarga de hidrocarburos, almacenamento, presenza de vehículos e persoas...). De ser o caso, valorará a súa eliminación ou suspensión da actividade durante a realización dos traballos.*

☐ *Os planos das instalacións existentes non recollen os pozos de saneamento que discorren diante dos portais do parque de bombeiros. É fundamental que se garantan os subministro e correcto funcionamento das redes de fornecemento e saneamento.*

☐ *Haberá que instalar unha valla de protección nesa fachada; que reduza e dificulte, aínda máis, o paso de vehículos xa que a saída e entrada de vehículos para a obra oincide coa saída de emerxencia dos vehículos de emerxencia do Parque de Bombeiro.*

☐ *Debe valorarse a posibilidade de buscar outra entrada e saída de vehículos e acopio e entrada de materias, conservando esta saída expedita, limpa e en boas condicións (o emprego desta saída debera ser mínima; realizando os traballos, de xeito preferente, por outra saída). Non será admisible a presenza de vehículos estacionados, parados, en espera, etc. no percorrido de entrada e saída dos vehículos do SEIS.*

☐ *A nova saída executada para a conexión coa rotonda de Rodríguez de Viguri non é cómoda para a circulación de vehículos longos e pesados; o que xa se puxo en coñecemento da dirección facultativa en diversas ocasións. É importante que esta zona estea valeira e libre de vehículos estacionados, para garantir o xiro e paso de camións.*

☐ *Debe garantirse o subministro ao Parque de Bombeiros e que se manteñen operativos os nosos sistemas (comunicacións, telefonía e datos, fornecemento, saneamento...).*

☐ *Antes da realización dos traballos perigosos (amianto, demolicións, voaduras e outros) o contratista dará ao perosal do SEIS as pautas que correspondan e que poidan interferir na saúde e integridade dos traballadores (supresión de prácticas exteriores, suspensión de visitas didácticas de colexios, delimitacións de zonas de risco...).*

☐ *Se terán que anular as acometidas existentes que subministran auga ó edificio da estación de autobuses que quedan en desuso, mantendo a continuidade do servizo nas conexións que abastecen ós edificios municipais, así como o rego. Considerase que o suministro de auga a estación de bombeiros é o idóneo, non vendo necesarios a anulación de ningún tramo, se non vai parexo a unha reurbanización do contorno.*

☐ *Non se contempla como se vai a proceder para conectar a acometida do edificio, coa conexión xeral a rede de saneamento. É preciso garantir este servizo do edificio que non vai ser demolido, así como a recollida de pluviais do mesmo.*

3. Referencia. 2021/00020328P. INFORME-PROPOSTA Nº 799/2021 RELATIVO AO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDO CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2021/2022 (BOP núm. 106 de 8/06/2021).

Acórdase:

-Aprobar a proposta de resolución definitiva da convocatoria para a concesión de bolsas de comedor (por escaseza de recursos e por conciliación), adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2021-2022.

-O crédito destinado a esta convocatoria é de **651.000,00 €**, (524.454,6 para comedor, 101.400 para actividades, e 8.460 para material) e a súa distribución por anualidades: 257.880,00 € irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 4800100/21 e os 393.120,00 € restantes á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2022.

4. Referencia: 2021/00021694V. Aprobación da proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2021.

Apróbase a proposta de resolución para a concesión de subvencións para o fomento de actividades e programas a favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gai, transexual, bisexual, Queer e intersexual (LGTBQI) de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2021, formulada pola comisión de avaliación o 19/07/2021 de conformidade cos criterios obxectivos de concesión previstos na base 10, e conceder as subvencións a 12 entidades e asociacións, ata esgotar o orzamento de 30.000 euros.

Tamén se aproba a financiación do gasto con cargo á aplicación orzamentaria 5023102 4890100/2021.

5. Referencia. 2021/00017750Y - CON/11/2021. Adxudicación do contrato “Reforma do viario A Pajuela – Campo da festa de Marrozos (fase II)”.

Acórdase:

-Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa ALCOMTE GALICIA SL, por un importe total de **206.628,24 euros** (170.767,14 euros, IVE aparte 21%: 35.861,10 euros), sendo a súa

oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo, compromete unha ampliación do prazo de garantía das obras de 5 anos, sobre o mínimo establecido no prego.

- Aprobar e dispoñer o gasto necesario para o financiamento deste contrato que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190001 2020 4 RLTOR 63. 1

6. Referencia: 2021/00041396P. Modificacións do orzamento municipalAprobación de crédito extraordinario 2021-CREXT-10, por importe de 370.493,48€, para a adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga.

Acórdase aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario nº 2021-CREXT-10, por un importe de TRESCENTOS SETENTA MIL CATROCENTOS NOVENTA E TRES EUROS, CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (370.493,48 EUROS) financiado na con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2020 por importe de 12.513,47€, e con baixas noutros créditos de gastos por importe de 357.980,01 € co obxecto de atender á adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga ao amparo do réxime habilitado polo artigo 6 do Real Decreto Lei 23/2020, de 23 de xuño, tramitado inicialmente no expediente CON/74/2020.